



O Concello de Muros recolle o premio “Bandeira Verde-Municipio Responsable” que o distingue polo seu comportamento ambiental



O Concello de Muros logra, por primeira vez, o distintivo “Bandeira Verde-Municipio Responsable”, galardón que a Federación de Usuarios e Consumidores Independientes (FUCI) conceden a concellos, de todo o país, que desenvolven políticas respectuosas co medio e que traballan a favor deste.

O Concello de Muros obtivo este galardón en dúas modalidades: “Compromiso ambiental” e “Educación ambiental e participación cidadá”, debido ás tarefas desenvolvidas desde a Axencia local de sostibilidade, departamento dependente da Concellaría de Medio Ambiente.

O concelleiro de medio ambiente, José Manuel Quintela, acompañado da concelleira de Turismo, M^a Xosé Alfonso, foron os encargados de viaxar a Madrid para recoller a “Bandeira Verde” nunha cerimonia que se celebrou o venres 7 de maio no Hotel Ritz.